



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Estatística: Estatística

Materia	Estatística: Estatística			
Código	O51G140V01106			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Regueiro Expósito, Cristina			
Profesorado	Martínez Campos, Brais Regueiro Expósito, Cristina			
Correo-e	cristinaregueiroexposito@gmail.com			
Web	<a href="http://http://euenfou.webs.uvigo.es">http://http://euenfou.webs.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	A Estatística xoga un papel fundamental no desenvolvemento da Ciencia, sendo un dos alicerces do método científico nas súas fases empírica e interpretativa. A variada natureza da investigación nas Ciencias da Saúde, fai que a aplicación do método científico e as técnicas estatísticas resulten imprescindibles neste campo. Os profesionais sanitarios, e en particular o persoal de enfermería, manexan habitualmente unha gran cantidade de datos (medicións de laboratorio, antropométricas, informes sobre pacientes, ensaios clínicos, etc.) que requiren un tratamento apropiado para que resulten realmente informativos e de utilidade. Neste escenario, os métodos estatísticos permiten resumir, analizar e avaliar esta información, facilitando e apoiando cientificamente a toma de decisións.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	Aplicar as intervencións da enfermería na evidencia científica e nos medios dispoñibles
B16	Ser capaz de utilizar os sistemas de información sanitaria
C8	Aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos coidados de saúde.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D7	Razoamento crítico
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.
D11	Sensibilidade hacia temas medioambientais

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Saber identificar, expor e resolver un problema estatístico. Coñecer os fundamentos da probabilidade e as medidas utilizadas para describir, resumir, comparar, e estimar a información	A2 A3 A4 A5	B6 B16	D2 D3 D4 D9 D11
Ser capaz de adquirir elementos de xuízo crítico para valorar a súa utilización na resolución de problemas e toma de decisións nas Ciencias da Saúde	A1 A4	B6 B16	C8 D1 D4 D7
Ser capaz de aplicar tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos coidados en saúde (TIC)		B16	C8 D3 D7 D9

## Contidos

Tema	
Introdución aos métodos estatísticos en ciencias da saúde	Introdución á estatística descritiva e a inferencia estatística
Variables aleatorias: caso discreto e caso continuo	Caso discreto. Caso continuo.
Análise descritivo dun conxunto de datos: distribucións de frecuencias	Estatística e Método científico en Ciencias da Saúde. Poboacións, Mostras e Variables. Estatísticos, gráficos e estudos descritivos.
Nocións básicas de probabilidade e Modelos de distribucións	Tipos de sucesos e Probabilidade: Distribución Poisson, Distribución Binomial, Distribución Normal
Introdución as técnicas de inferencia estatística: -Plantexamento dos problemas de estimación puntual e estimación por rexións de confianza. -Contrastes de hipóteses estatísticas.	Plantexamento dos problemas de estimación puntual e estimación de rexións de confianza Contrastes de hipóteses estatísticas
Series estatísticas de dous caracteres Regresión e Correlación lineal	Regresión e Correlación lineal
Fundamentos das tecnoloxías da información e da comunicación en ciencias da saúde Uso e manexo das tecnoloxías para o tratamento da información.	Ferramentas informáticas de maior difusión. Solucións das aplicacións baseadas na web. Natureza da información electrónica. Rexistro, organización, tratamento e intercambio de datos empregando solucións baseadas no computador.
Seminarios 1-3	Exercicios prácticos sobre a introdución á estatística y sobre a estatística descritiva. Realización dunha análise descritiva utilizando datos non reais de pacientes e diferentes ferramentas informáticas (índices descritivos e gráficos).
Seminarios 4-6	Exercicios prácticos sobre a probabilidade e modelos de distribución. Realización de problemas e cuestionarios tipo test sobre esta parte da materia. Uso de diferentes ferramentas informáticas para o seu desenvolvemento.
Seminarios 7-9	Exercicios prácticos sobre a inferencia estatística. Resolución de problemas e cuestionarios tipo test utilizando diferentes ferramentas informáticas. Problemas relacionados con intervalos de confianza, contraste de hipóteses, regresión e correlación lineal.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Lección maxistral	24	32	56
Estudo de casos	4	10	14
Resolución de problemas de forma autónoma	0	25	25
Seminario	16	15	31
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia polo docente.
Estudo de casos	Exposición dos contidos da materia polo docente.

Resolución de problemas de forma autónoma	Descrición: prácticas autónomas. Aplicar a realización de actividades prácticas variadas relacionadas cos contidos da materia. Exercicios prácticos a través do TIC. Simulacións a través do TIC. Traballo autónomo do alumnado Obxectivo: adquirir as destrezas, coñecementos, aptitudes e actitudes recollidos nos contidos da materia mediante a interacción cos sistemas e recursos informáticos dispoñibles. Utilizar programas e recursos informáticos tanto do ámbito profesional como xenéricos.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas.

### Atención personalizada

#### Metodoloxías Descrición

Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas.
-----------	---

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Durante os seminarios avaliarase o traballo desenrolado na aula durante o cuatrimestre a modo de avaliación continua, mediante cuestionarios e traballos, ben individuais e/ou grupais.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B6 B16	C8	D1 D2 D3 D4 D7 D9 D11
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba que inclúe preguntas pechadas de resposta alternativa combinadas con preguntas de resposta curta relacionadas cos contidos da materia. O alumnado debe seleccionar unha resposta de entre un número limitado de posibilidades e responder brevemente ás cuestións expostas.	30	A1 A2 A5	B6		D1 D2 D4 D7 D9 D11
Exame de preguntas obxectivas	Proba que inclúe actividades, problemas ou casos a resolver similares aos expostos nas prácticas propostas durante o curso. O alumnado debe responder á actividade proposta, plasmando de maneira práctica os coñecementos adquiridos da materia. A superación desta proba poderá compensar a cualificación insuficiente da avaliación continua das actividades de carácter práctico.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B6 B16	C8	D1 D2 D3 D4 D7 D9 D11

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### FORMATO DAS PROBAS

##### 1ª edición ordinaria (maio)

- Seminarios. Durante os seminarios faranse traballos, cuestionarios tipo test e resolución de exercicios prácticos a efectos de avaliar a avaliación continua do alumnado (para aprobar esta parte é preciso ter un 4 sobre 10).

- Probas teóricas de resposta curta. Proba que inclúe preguntas pechadas de resposta alternativa combinadas con preguntas de resposta curta relacionadas cos contidos da materia (cada unha das partes contará 5 puntos). O alumnado debe seleccionar unha resposta de entre un número limitado de posibilidades e responder brevemente ás cuestións formuladas. (En preguntas tipo test, 3 mal restan o valor dunha acertada) (para aprobar esta parte é preciso ter un 4 sobre 10)

- Probas prácticas, de execución. Probas de execución de tarefas reais e/ou simuladas. Proba que inclúe actividades, problemas ou casos a resolver semellantes aos presentados nas prácticas propostas durante o curso. O alumnado debe responder á actividade proposta apoiándose nos programas estatísticos explicados na clase, plasmando de maneira práctica os coñecementos adquiridos durante a mesma (para aprobar esta parte é preciso ter un 4 sobre 10)

2ª edición ordinaria (xullo) O procedemento de avaliación na convocatoria de Xullo será o mesmo que o empregado na convocatoria de maio. Aos alumnos que teñan completadas as actividades de avaliación continuada durante as clases teórico-prácticas manteráselle esta nota na convocatoria de Xullo.

Proba de recuperación da ausencia aos seminarios

ALUMNOS QUE NON ASISTAN AOS SEMINARIOS, NON ACADEN A ASISTENCIA OBRIGATORIA DO 90% DO TOTAL DE HORAS; O A QUE O SOLICITE AO INICIO DO CUADRIMESTRE E/OU NON LEVEN A CABO AS ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN CONTINUADA OU NON CHEGUEN AO 5 NAS MESMAS. Este alumnado, que polos motivos anteriores, non complete a avaliación continuada terá dereito a presentarse aos exames de maio e/ou xullo pero necesitará ter feito unha serie de traballos propostos sobre

os contidas da asignatura.

Fin de carreiraO alumnado que o precise terá dereito a presentarse á convocatoria de fin de carreira (meses de outubro ou novembro). O formato desta proba será o mesmo que nas convocatorias de maio e xullo. A proba consistirá nunha parte teórica de preguntas test e de resposta curta e unha parte práctica de resolución de problemas.

DATAS EXAMESSerán nas datas acordadas pola xunta de escola e publicadas na web:<http://euenfou.webs.uvigo.es/index.php/profesorado/exames-grao>

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Miguel A. Martínez-González, **Bioestadística Amigable**, 3ª, Diaz de Santos, 2009

Francisca Ríos Díaz y Julia Warnberg, **Bioestadística**, 2ª, Paraninfo, 2014

#### **Bibliografía Complementaria**

J. Sentís, H. Pardell; E. Cobo; J. Canela, **Bioestadística**, 3ª, Elsevier Masson, 2003

Gail F. Dawson, MD, MS, Faaep, **Interpretación fácil de la Bioestadística**, 1ª, Elsevier Saunders, 2009

Argimon Pallas, José María y Jiménez Villa, Josep, **Métodos de investigación clínica y epidemiológica**, 3ª, Elsevier España, 2004

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Metodoloxía da investigación/O51G140V01401

Traballo de Fin de Grao/O51G140V01407

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Idioma moderno: Inglés técnico/O51G140V01108

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Enfermaría comunitaria I/O51G140V01104

---

### **Outros comentarios**

Contactos:

Cristina Regueiro: [cristinaregueiroexposito@gmail.com](mailto:cristinaregueiroexposito@gmail.com)

Brais Martínez: [brais.martcam@gmail.com](mailto:brais.martcam@gmail.com)

---